

COMO PODER RESOLVER A INCIDENCIA DE PROENS

“Non consta rexistrado como docente de ningún grupo materia en XADE”

No contexto deste curso de formación e ata que en setembro comece a empregarse oficialmente, vinculándose Proens e Xade cos datos do curso escolar 2022-2023, se pode corrixir a incidencia probando as seguintes solucións.

Premer no botón **Buscar**, para que se listen as áreas/materias

Nesta pantalla poderá consultar as súas programacións. Poderá ver as programacións correspondentes ás materias que imparte en algún grupo (grupos nos que conste asociado en XADE)

Filtros para a busca

Curs  An. Académico 2021/2022 Centro IES Rosalia

Buscar Limpar

Tipo de programación	Grupo	Materia	Tipo de versión	Versión	Data última modificación
----------------------	-------	---------	-----------------	---------	--------------------------

No caso de que apareza o aviso “Non consta rexistrado como docente de ningún grupo materia en XADE”, probar as seguintes solucións:

1. Configurar correctamente en Xade, a través do menú **Xade > Alumnado > Grupos > Grupos simples > Materias**

Aparece esta pantalla do grupo coas áreas/materias e os datos do profesor/a que imparte docencia nelas.

Configuración de materias ?

Materia

Xeografía e historia
Física e química
Lingua castelá e literatura
Lingua estranxeira - Inglés
Lingua galega e literatura
Matemáticas
Educación física
Música
Tecnoloxía
2ª Lingua estranxeira - Francés
Relixión católica

Profesor/a 1 --
Profesor/a 2 --
Idioma Galego
Departamento Lingua galega e literatura

Non hai seccións bilingües autorizadas para esta materia/unidade.

Ademais debe darse a condición de que a nova área/materia LOMLOE deben ter o mesmo nome e impartirse no mesmo curso que na LOMCE.

2. Pedir no centro que se **configure en Xade temporalmente**, tal e como está explicado no punto 1, **como profesor/a dalgunha materia que cumpra os requisitos pero que non se estea a impartir no curso 2021-2022**.

Exemplo: Os/as docentes de tecnoloxía soamente teñen unha materia, con currículo cargado en Proens, que cumpra as condicións de nome e curso coincidente entre LOMCE e LOMLOE. Neste caso se non imparten este curso en 4º e o seu centro ofrece a materia poderían configuralo temporalmente como docente desa materia en 4º.

3. **Seleccionar outro curso escolar** e o centro no que se tivera destino ese curso. De listarse algunha área/materia realizar a tarefa 2 nela. Se pode probar dende o curso 2107-2018 ata o curso actual.

Débense seleccionar ambos combos – Curso e Centro – de forma que coincida o ano académico e centro de destino ese ano.

CASOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

No caso de educación infantil, ademais de ter que estar **configurado no Xade como docente dalgunha área de infantil**, tal e como se explica no punto 1, **hai que esperar entre 24-48 horas** para que se refresquen os datos de asignación en Xade.